

ACTA DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, POLA QUENDA LIBRE, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN, DUNHA (1) PRAZA DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL: ARQUITECTO/A TÉCNICO/A

Sendo as 10:20 horas do día 2 de abril de 2024, nas dependencias do Viveiro de Empresas do Parque Empresarial Área 33-Silleda, reúnese o Tribunal cualificador para a celebración do segundo exercicio da oposición, coa presenza das seguintes persoas integrantes do Tribunal:

PRESIDENTE:

Titular.- Leopoldo Moure Dopico (Interventor Concello de Silleda)

SECRETARIA:

Titular.- Carmen Miranda Posse (Avogada do CIM do Concello de Silleda)

VOGAIS:

Titular.- Verónica Chaves González (Arquitecta Técnica do Servizo de Arquitectura da Deputación de Pontevedra)

Titular.- María Elena Pérez Alonso (Xefa da Sección de Conservación e Explotación do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra)

Titular.- Juan Carlos Peteiro Rodríguez (AEDL do Concello de Silleda)

Sendo as 10:30 horas do día 2 de abril de 2024, procédese ao chamamento das persoas aspirantes e a súa identificación.

Unha vez situadas as persoas aspirantes na sala onde se desenvolverá o segundo exercicio da oposición –dependencias do Viveiro de Empresas do Parque Empresarial Área 33-Silleda–procédeselles a explicar os criterios de desenvolvemento do exame consonte o establecido nas Bases reguladoras do proceso selectivo, publicadas no BOPPO de data 10 de novembro de 2023.

O exercicio consistirá en expoñer por escrito dous temas escollidos ao chou, un de cada un dos apartados da parte específica.

Igualmente infórmaseselles da duración máxima da proba (3 horas).

Seguidamente procédese á extracción dos números dos temas: as persoas candidatas verifican que as bolas cos números correspondentes ao temario oficial da convocatoria estean todas incluídas. As bolas introdúcense nunha bolsa sendo unha e un aspirantes os encargados de extraer os números correspondentes.



Os temas resultantes do sorteo a desenvolver polas persoas aspirantes foron os seguintes:

TEMA 5 DA PRIMEIRA PARTE DA PARTE ESPECÍFICA: "*Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG 2/2016). Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia (RSG/2016): Réxime urbanístico do solo: Solo rústico e núcleos rurais*".

TEMA 19 DA SEGUNDA PARTE DA PARTE ESPECÍFICA: "*O Decreto 106/2015 sobre contaminación acústica de Galicia*".

Se inicia o exame ás 10:37 horas, concluíndo ás 13:30.

Non se producen incidencias na realización da proba.

Sendo as 13:40 levántase a sesión da que se estende a presente acta.

E para que conste aos efectos oportunos esténdese a presente acta no lugar e data que figuran na sinatura electrónica.

Documento asinado dixitalmente

Presidente, Leopoldo Moure Dopico

Secretaria, Carmen Miranda Posse

Vogais, Verónica Chaves González, María Elena Pérez Alonso, Juan Carlos Peteiro Rodríguez

